

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 29/06/2018 12:06:02

SAIDA 8895/18

Sr. Vicepresidente e conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza
Edificio Administrativo San Caetano
15781 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: V.9.Q/12246/18

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2018

Sr. vicepresidente:

Nesta Institución iniciouse unha actuación de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo .



Xa pasou un tempo prudencial desde que, o 23 de maio, a explosión dunha nave clandestina de material pirotécnico no Concello de Tui provocara o falecemento de 2 persoas e deixase 37 feridos, afectando a 692 persoas e ocasionando graves danos materiais con 26 casas destruídas e 92 con danos.

Tivemos coñecemento polos medios de comunicación das queixas dos afectados polas demoras na concesión das axudas necesarias e imprescindibles, así como a dificultade da súa tramitación, para poder recuperar o antes posible a normalidade nas súas vidas e propiedades.

Polo exposto anteriormente, iníciase a correspondente investigación sumaria e informal para coñecer as axudas establecidas e a súa aplicación, nos ámbitos sanitarios, sociais, educativos, urbanísticos, etc; persoas xa atendidas, pendentes de atender e en xeral todo o que contribúa a que esta Institución poida facer unha adecuada valoración do obxecto desta actuación de oficio sobre a situación real actual de todas as persoas afectadas.

Por iso solicitámoslle que no prazo de 15 días, de acordo co disposto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información sobre estes extremos, medidas adoptadas e que adoptarán e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe e saúdao atentamente,



Milagros M^ª Otero Parga
Valedora do Pobo

REGISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 29/06/2018 12:06:58

SAIDA

8896/18

Sr. alcalde-presidente do Concello de Tui
Praza do concello, 1
36700 TUI (Pontevedra)

Expediente: V.9.Q/12246/18

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2018

Sr. alcalde:

Nesta Institución iniciouse unha actuación de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo .



Xa pasou un tempo prudencial desde que, o 23 de maio, a explosión dunha nave clandestina de material pirotécnico no Concello de Tui provocara o falecemento de 2 persoas e deixase 37 feridos, afectando a 692 persoas e ocasionando graves danos materiais con 26 casas destruídas e 92 con danos.

Tivemos coñecemento polos medios de comunicación das queixas dos afectados polas demoras na concesión das axudas necesarias e imprescindibles, así como a dificultade da súa tramitación, para poder recuperar o antes posible a normalidade nas súas vidas e propiedades.

Polo exposto anteriormente, iníciase a correspondente investigación sumaria e informal para coñecer as axudas establecidas e a súa aplicación, nos ámbitos sanitarios, sociais, educativos, urbanísticos, etc; persoas xa atendidas, pendentes de atender e en xeral todo o que contribúa a que esta Institución poida facer unha adecuada valoración do obxecto desta actuación de oficio sobre a situación real actual de todas as persoas afectadas.

Por iso solicitámoslle que no prazo de 15 días, de acordo co disposto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información sobre estes extremos, medidas adoptadas e que adoptarán e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe e saúdo atentamente,



Milagros Mª Otero Parga
Valedora do Pobo